



15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191

PROXECTO COMPETENCIAL CURSO 24/25

A área do Proxecto Competencial dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Pode configurarse como un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a inter- disciplinarietà e a conexión entre os diferentes saberes.

OBXECTIVOS

OBX1. Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. (CCL,CD,CPSAA CC,CE)

OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. (CCL,STEM,CD,CPSAA,CC,CE)

OBX3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais(CCL,CP,STEM,CD,CPSAA,CCEC)

FOMENTO DE HÁBITOS SAUDABLES :
BLOQUE A :ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA
BLOQUE B: NUTRICIÓN SAUDABLE
BLOQUE C : COMPETENCIA SOCIAL

Os principais obxectivos propostos son:

1. Incrementar a actividade física efectiva do alumnado ao longo do horario lectivo.
 - 1.1. Aumentar o tempo de xogos e movemento no alumnado.
 - 1.2. Motivar ao alumnado á actividade física.
2. Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro a través do ensino de diferentes xogos.
 - 2.1. Mostrar alternativas de xogos nas clases de educación física para que os leven a cabo nos recreos ou no seu tempo de lecer.
 - 2.2. Colaborar con diferentes clubs para que veñan a mostrar o seu deporte e motivar ao alumnado a practicalo fora do cole.
3. Establecer hábitos de vida saudable para a mellora da calidade de vida.
 - 3.1. Traballar a postura en diferentes contextos.
 - 3.2. Crear un hábito de hixiene tras cada clase de actividade física.
 - 3.3. Crear o hábito de hidratarse durante e tras a actividade física.
 - 3.4. Mostrar a importancia de cumprir unhas hora de sono adecuadas.
4. Fomentar e favorecer unha alimentación sa por medio das merendas saudables.
 - 4.1. Motivar hacia unha merenda variada e saudable presentando un calendario de merendas.
 - 4.2. Fomentar o hábito no consumo de froitas e verduras.
5. Inculcar o goce do exercicio físico de forma colectiva favorecendo a socialización entre clases.
 - 5.1. Traballar de maneira cooperativa.
 - 5.2. Organizar xogos interclases.
 - 5.3. Organizar xogos interniveis.
6. Fomentar a práctica de actividade física en alumnos cun estilo de vida sedentaria e reforzar os hábitos daqueles que si a realizan.



15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191

- 6.1. Establecer retos adaptados as características de cada un.
- 6.2. Facilitar a práctica de actividade física dentro e fora do horario escolar.
- 7. Sensibilizar aos alumnos da importancia de realizar exercicio físico diario.
- 7.1. Mostrar a importancia da realización de actividade física e os beneficios que aporta.
- 7.2. Mostrar o efectos do sedentarismo sobre o organismo.

1º TRIMESTRE

TEMA 1 : O MOVEMENTO É SAÚDE

Obx .1 Incrementar a actividade física efectiva do alumnado ao longo da súa xornada escolar

Obx.2 Motivar ao alumnado de cara a práctica deportiva

2ºTRIMESTRE

TEMA 2 : HÁBITOS SAUDABLES

Obx.1.Favorecer e promocionar a práctica de actividade física en todas as facetas da vida cotiá.

Obx.2.Promocionar os hábitos saudables co fin de acadar benestar físico e mental.

3ºTRIMESTRE

TEMA 3 : A SOCIEDADE EN MOVEMENTO

Obx.1.Sensibilizar a comunidade escolar da importancia de realizar exercicio físico de maneira habitual

Obx.2.Concienciar sobre o desfrute do exercicio físico de maneira colectiva favorecendo a socialización entre o alumnado



METODOLOXIA : CONCRECIÓN E MATERIAIS/RECURSOS

- A área debe enfocarse ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven, desde unha visión sistémica, tanto local como global, e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na procura de solución para estas.
- Os deseños dos proxectos ou problemas de traballo deben ser significativos e desenvolverse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- As actividades que se propoñan dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, introducindo as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo elaborado ao longo do curso.
- Impulsarase o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas.
- O profesorado debe estimular a axuda mutua e o traballo colaborativo co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.



15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191

- Empregaranse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

- As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

- Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

AVALIACIÓN

1.- Avaliación Inicial : levarase a cabo nas semanas de setembro co obxectivo de tomara conciencia da actividade física que realiza o alumnado e as posibilidades de mellora

2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- a.- Participación 60%
- b.- Actividades de Reflexión 20%
- c.- Proxecto de mellora do benestar físico e mental da sociedade con aplicación social 20%

3.-MÍNIMOS A ACADAR

- a.- Participar do 75% das actividades
- b.-Respecto polas normas básicas de comportamento social
- c.- Presentación do proxecto final

4.- RECUPERACIÓNS : só se contemplan no caso de falta de participación na actividade e consistirá nun traballo de reflexión de o porqué desta falta de interese na actividade física



Algúns dos instrumentos que serán utilizados para a avaliación do plan son:

- o Enquisas de satisfacción aos alumnos e alumnas para valorar a calidade da actividades e os aspectos a mellorar.
- o Probas de rendemento ao principio e ao final do curso comparando os resultados e comentando as melloras.
- o Pequeno seguimento das actividades que o alumnado realiza fora do horario escolar.
- o Rúbricas de participacion e traballo en equipo

ACTIVIDADES DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesorado realizará as adaptacións necesarias para un aproveitamento axeitado das actividades a todo o alumnado .

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- 1.- Educación para a saúde :Benestar físico e mental
- 2.-Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos
- 3.- Educación medioambiental
- 4.-Educación para a Paz
- 5.-Competencia social- cívica

PRÁCTICA DOCENTE

A materia de Proxecto Competencial será impartida por niveis polo profesorado especialista de Educación física apoiados polos titores/titoras .

15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191

ACTIVIDADES

Actividades e rutinas para levar a cabo ao longo de todo o curso:

- Alimentación sa e equilibrada: animaremos aos nenos e nenas a traer meriendas sanas: froita, leite, iogures, froitos secos, cereais,... explicando a importancia que ten para o seu desenvolvemento unha alimentación equilibrada.
- Xogos cooperativos de todo o alumnado do mesmo nivel fomentando
- Xogos de temáticas fomentando a socialización interniveis.
- Celebración de conmemoracións: magosto (xogos populares); día da paz (xogos cooperativos); entroido (desfile e baile); día Europeo do deporte escolar (ximcana deportiva); día da diversidade funcional (actividades adaptadas); día do deporte na rúa (xogos nun parque cercano ao colexio).
- Inscripción en proxectos: ENKI (ximcana de diferentes actividades); XOGADE (préstamos de material de xogos populares galegos); actividades máis e mellor (skate, rugby, tiro con arco, voleibol, deporte adaptado,...); O atlántico parte de ti;... Estas actividades as pedimos pero non sempre as conceden
- Acercamento de clubs para coñecer os seus deportes: balomán, hockey, judo, capoeira...
- Roteiros urbanos e por entornos naturais. Estes roteiros os organizaremos da seguinte maneira sempre suxeitos a modificacións:

PRIMEIRO TRIMESTRE	INFANTIL	4ºI PARQUE DO MEDO 5ºI PARQUE DO MEDO 6ºI PARQUE DO MEDO
	PRIMARIA	1º Roteiro dende o colexio ata o parque do Relámpago



		<p>2º Roteiro dende o colexio ata o parque do Relámpago</p> <p>3º Roteiro dende o colexio ata o parque do Relámpago</p> <p>4º Roteiro polo paseo das Galeras</p> <p>5º Torre de Hércules (en bus y roteiro pola zona)</p> <p>6º Torre de Hércules (en bus y roteiro pola zona)</p>
SEGUNDO TRIMESTRE	INFANTIL	<p>4ºI Paseo polo barrio arredor do colexio</p> <p>5ºI Paseo polo barrio</p> <p>6ºI Paseo polo barrio</p>
	PRIMARIA	<p>1º Monte de San Pedro (bus)</p> <p>2º Monte de San Pedro (bus)</p> <p>3º Camiñata polo paseo marítimo da Coruña dende o polideportivo ata o Milenium (bus)</p> <p>4º Camiñata polo paseo marítimo da Coruña dende o polideportivo ata o Milenium (bus)</p> <p>5º Parque de Eiris (andando ata alí e xogos no parque)</p> <p>6º Parque de Eiris (andando ata alí e xogos no parque)</p>
TERCEIRO TRIMESTRE	INFANTIL	<p>4ºI Parque de Bens (en bus ata alí e pequeno roteiro e xogos pola zona)</p> <p>5ºI Parque de Bens (en bus ata alí e pequeno roteiro e xogos pola zona)</p> <p>6ºI Parque de Bens (en bus ata alí e pequeno roteiro e xogos pola zona)</p>
	PRIMARIA	<p>1º Camiñata polo paseo marítimo da Coruña dende o polideportivo ata o Milenium (bus)</p> <p>2º Camiñata polo paseo marítimo da Coruña dende o polideportivo ata o Milenium (bus)</p> <p>3º Roteiro polo paseo do embalse de Cecebre</p> <p>4º Roteiro polo paseo do embalse de Cecebre</p>



15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191

		5º Roteiro polo paseo das Galeras
		6º Roteiro polo paseo das Galeras